


OBRA E AUTOR : *Ensayo sobre la lucidez, de José Saramago.*



DE QUE VAI : Nunha gran cidade dun país do que non chegamos a saber o nome, nunha cita electoral a cidadanía toma unha decisión inimaxinable. O resultado pon ó goberno ante unha situación totalmente atípica. Máis do 80% dos votos son en branco. A partir de aquí asistimos a toda unha serie de medidas gobernamentais e ás reaccións da cidadanía. ¿e se o pobo decidira plantarse ante o sistema? ¿e se o fixera pacificamente? ¿Como reaccionarían os apoltronados gobernantes? ¿ata onde chegarían por protexer o sistema que os mantén no poder?

TÍTULO : O título, como o resto do libro (e posiblemente de toda a obra de Saramago), parece condenado a unha división radical, entre detractores e admiradores. En xeral podemos dicir que o título, sempre e cando comprendamos que non se refire a un ensaio como formula literaria, se non ó concepto que plantexa ó principio da historia, resulta atinado. Traballando algo mais arredor do libro (as maravillas dos faladoiros literarios, onde a xente fala, comparte opinións, analiza e descobre cousas..) as nosas sabias e sabios concluíron que o termo “Ensayo” refírese tanto a formulación inicial como a outros aspectos da obra, como as reaccións do goberno, ou as decisións da

ciudadanía. Toda a obra parece ser un ensaio, un experimento orientado para que o lector pense e profundice nas formulacións que nos ofrece.

ESTRUTURA

: A historia segue un fio lineal. Pero o xeito de escribir de Saramago ten moitas particularidades. Parece un exercicio de escritura automática, sen puntos seguido, sen símbolos de interrogación, sen saltos de liña nin sequera nos diálogos. Parágrafos extensísimos, de ata tres páxinas, onde a narración e os diálogos se intercalan sen aviso de ningún tipo. No seu estilo, que se salta máis da metade das regras ortotipográficas, está posiblemente o seu handicap, dado que é a causa de que encontre tantos detractores como admiradores. Ademais é unha obra sen localización espacial nin temporal, co cal o lector pode situar a historia onde desexe, no momento histórico que crea oportuno. Ademais as personaxes tampoco teñen nome propio. O autor usa distintos apelativos : o vicepresidente, o inspector de policía, a rapaza do can.... Por certo que o can que aparece na obra é o único do que chegaremos a saber o seu nome.

Esta obra de Saramago en concreto, garda máis particularidades, como o feito de que non haxa personaxes principais, como tradicionalmente se entenden, ata pasada a metade da novela, o cal reafirma o carácter de “proposta experimental” da novela.

ARGUMENTO

Sinxelo no plantexamento inicial, co punto de partida nun colexio electoral o día de eleccións, nun fio argumental tan intransecante que case parecería que non vai acontecer nada. Pero enseguida a obra cobra profundidade. Unha gran profundidade de feito, que agocha unha reflexión en toda regra sobre o mal funcionamento da democracia. Unha crítica feroz ó sistema de goberno en xeral, ó goberno en particular, ós medios de comunicación, e tamén ós votantes.

Se acometeramos unha lectura superficial , sen moita atención, a profundidade que destila o argumento da obra non parecería moi evidente, pois fica disimulada polas reviravoltas dos dialogos, as longas explicacións, as veces totalmente insustanciais, as que nos somete o autor, e unha serie de enredos dialecticos que por momentos parece que quixera facernos perder o fio da historia. Pero, coidadosamente colocadas no medio de tanta verba, como ortigas agochadas no medio da herba, Saramago deixanos toda unha serie de grandes frases: “la

esperanza es como la sal, no alimenta pero da sabor al pan”, “yo soy de la escuela clásica, solo me fío de mi cabeza aunque sea para equivocarme”, “Cuando la ola golpea en la roca, quien paga siempre es el mejillón”, “las medias palabras existen para decir lo que las enteras no pueden”, “hay personas que continúan de pie incluso cuando son derrumbadas”, por poñer algúns exemplos. Dende logo frases que proen na mente como o roce das ortigas na pel , e que van dirixidas a persoa que esta lendo a obra, reforzando esa idea de que o autor, sinxelamente, quere facernos reflexionar sobre o mundo no que vivimos, e sobre como estamos sendo gobernados, co noso consentimento.

CONCLUSIONES

Foi moi difícil chegar a un ditame unánime, o cal por certo nos parece unha marabilla, pois a riqueza do debate durante todo o faladoiro foi moi enriquecedor, e divertido. Polo que a mellor conclusión a que podemos chegar é que o mellor que podedes facer é ler este libro. E sacar as vosas propias conclusións. Dende logo no que todas as nosas sabias e sabios coincidiron e que a formulación é fantástica, moi actual a pesar de levar publicado dende o 2004, cunha idea moi orixinal, e cun xeito moi intelixente por parte do autor de presentarnos as cuestións sobre as cales quere que reflexionemos, e que a novela, gústevos ou non vos guste, faravos pensar.